

PLAN DE DEDICACIÓN ACADÉMICA INDIVIDUAL DO PDI

A normativa de recoñecemento no POD 2012-13 e 2013-14 das actividades de docencia, investigación e xestión do PDI establecía unha medida en horas do esforzo de profesorado. A contabilización facíase en horas lectivas anuais, coa referencia inicial de 240 horas lectivas anuais que constituía a capacidade docente regular do profesorado a tempo completo. É unha demanda da comunidade universitaria e tamén un compromiso do actual equipo de goberno incluír nos esquemas de recoñecemento o rexistro de todo tipo de actividades académicas do PDI. Na etapa de negociación do recoñecemento de actividades para o curso 2013-14, elaborouse un documento que foi presentado na mesa de PDI do 08/02/2013. Na mesa de PDI acordouse separar a parte de recoñecemento de actividade docente básica e adiar o restante. Este documento recolle o esquema de recoñecemento de actividades do documento presentado na mesa do 08/02/2013, aínda que ten actualizada a parte de actividade docente básica nos termos en que fora posteriormente aprobado no Consello de Goberno de 21/02/2013.

Formato deste documento:

Recóllese en letra azul o texto literal do acordo do Consello de Goberno, mentres que a parte da PDAI presentada na mesa do 08/02/2013 e non contemplada no consello de Goberno queda recollida en letra negra, aínda que cunha redacción non literal pero adaptada á estrutura deste documento.

Engádense en recadros e con letra máis pequena, certas aclaracións.

Engádesse un ANEXO con algúns exemplos e interpretacións do documento.

1. DEDICACIÓN DO PROFESORADO.

A efectos de recoñecemento e rexistro, distínguense as seguintes compoñentes de actividade do PDI:

- Actividade docente básica (ADB)
- Actividade de titoría
- Outra actividade docente (incluída a formación para a docencia)
- Actividade de investigación e transferencia
- Actividade de xestión

A dedicación total establécese en 1664 horas anuais repartidas, en xeral, do seguinte xeito:

- A metade da dedicación será para actividades docentes, incluíndo actividade docente básica ou ADB (docencia presencial con repercusión directa en POD), titorías e outra actividade docente.
- A outra metade será para actividade de investigación e transferencia.
- Para a actividade de xestión, no seu caso, considerarase a dedicación descrita no apartado 2.5, que repercutirá en diminución da actividade docente e de investigación e transferencia.

A dedicación en **actividade docente básica ou ADB** do PDI será:

- En xeral, 240 horas para o profesorado funcionario a tempo completo, profesorado contratado doutor, profesorado axudante doutor e outro profesorado contratado a tempo completo, agás axudantes e lectores/as.

- O profesorado con vinculación permanente a tempo parcial terá unha dedicación acorde co seu réxime de dedicación.
- A dedicación en actividade docente básica dos/as axudantes é de 60 horas.
- A dedicación en actividade docente básica do profesorado asociado, interino de substitución e lector será a que resulte en cómputo anual das horas semanais previstas no seu contrato.
- A dedicación en actividade docente básica do persoal contratado en programas de investigación derivados de convocatorias de concorrencia competitiva será, no seu caso, a determinada polas bases das correspondentes convocatorias.

Non obstante, o profesorado permanente a tempo completo poderá estar afectado por criterios de intensificación determinados pola aplicación do RD-L 14/2012. Establécense 4 tipos distintos de dedicación/intensificación: I (investigadora), R (regular), M (docente intermedia), D (docente). Tomando como referencia a dedicación regular en 240 horas, os restantes tipos terán o esquema seguinte:

Ano do último tramo ou ano do contrato permanente para 0 sexenios	0 sexenios	CU 1 a 3 sexenios Resto 1 a 2 sexenios	CU 4 sexenios Resto 3 a 4 sexenios	5 ou 6 sexenios
2013-2012	240 (R)	---	---	---
2011		240 (R)	160 (I)	160 (I)
2010	280 (M)			
2009-2006	320 (D)	280 (M)	240 (R)	
2005			280 (M)	
2004			320 (D)	
2003 ou anterior			320 (D)	

Estableceranse as seguintes excepcións:

a) Pola idade. O profesorado que teña 65 anos cumpridos ao comezo do curso, e que lle correspondera o tipo D ou M, poderá quedar no tipo R. O profesorado que teña 62 anos cumpridos ao comezo do curso, e que lle correspondera o tipo D, poderá quedar no tipo M.

b) Polo desempeño de cargos académicos que figuran na zona sombreada da páxina 10 (apartado 2.5). Durante o desempeño dese tipo de cargo, o profesorado que lle correspondera o tipo D ou M poderá quedar no tipo R (sen prexuízo do recoñecemento docente que teña asignado polo propio cargo). Unha vez rematado o cargo e perdido o recoñecemento docente, en caso de que a duración do mesmo non fose inferior a un ano, poderá gozar da seguinte excepción por un tempo máximo igual á duración do cargo rematado, e nunca superior a tres anos:

- Durante os dous cursos académicos seguintes poderá evitar o tipo D ou M (no caso que lle corresponderan) e quedar no tipo R.
- No terceiro curso poderá evitar o tipo D (no caso que lle correspondera) e quedar no tipo M.

c) Pola traxectoria académica. O profesorado que acadara un número de sexenios superior á media do seu campo CNEAI e que lle correspondera o tipo D, poderá quedar no tipo M. Neste caso non terán o recoñecemento engadido por sexenios (apartado 6b).

d) Non se aplicará intensificación docente (tipos D ou M) a aquelas persoas que acrediten impedimentos de tipo administrativo para a solicitude dun sexenio que poida resultar decisivo no cómputo da súa dedicación.

Establécese que todo o profesorado **dedicará a titorías un número de horas (en cómputo anual) igual ao 75% da súa dedicación en ADB**, unha vez descontada a dedicación que lle correspondera en caso de exercer un cargo de xestión.

Antecedentes: A dedicación en horas de **titoría** regúlase no Real Decreto 898/1985, do 30 de abril, que establece 6 horas semanais (fronte ás 8 horas lectivas) para o profesorado a tempo completo e un número de horas igual ao de horas lectivas para o profesorado a tempo parcial. Non obstante, na Universidade de Vigo estableceuse unha pauta diferente para o profesorado a tempo parcial.

Aclaración: Para o recoñecemento destas horas, a cada PDI lle será primeiramente recoñecida de xeito automático unha cantidade de horas de **titoría** equivalente á metade da docencia de grao e máster que teña asignada no seu POD. O restante 25% de horas, ata completar o 75% sinalado, poderán ser recoñecidas en horas de titoría por outras tarefas que se describirán posteriormente na normativa de PDAI, como por exemplo dirección de traballos fin de grao e fin de máster, dirección de teses, tutela de estudantes de doutoramento, etc.

2. RECOÑECIMENTO DE ACTIVIDADES DO PDI

2.1. Recoñecementos asignados como apoio á actividade docente dos centros

As actividades desenvolvidas polo profesorado no marco organizativo do centro son tamén parte substancial para impartir os ECTS asignados aos estudos superiores. Establécese unha equivalencia en horas de ADB para certas tarefas ou actividades. Estas horas asignaranse ao centro como bolsas de horas que este poderá xestionar para que teñan repercusión no POD 2013/14.

a) Apoio á coordinación de cursos:

Atribúese ao centro unha bolsa de horas que o centro poderá asignar como recoñecemento en ADB, de acordo coas peculiaridades dos seus plans de estudos, a aquelas persoas que colaboren na coordinación de cursos, módulos, materias comúns a varios graos ou calquera outra que considere adecuado. Lémbrese que o apoio pola coordinación xeral do título está xa recollida no apartado 2.2 a). A bolsa de horas dependerá do número de estudantes do centro para o que se tomará como indicador de referencia o número de estudantes de novo acceso ao grao. O centro recibirá **7 horas por cada 10 estudantes de novo acceso ao grao**.

Complementábase este recoñecemento cunha cantidade igual de horas **doutra actividade docente** que lle será asignada directamente ao profesorado sinalado polo centro para o recoñecemento de ADB.

b) Apoio á organizacións dos Traballos Fin de Grao:

Asígnase ao centro unha bolsa de 6 horas por cada 40 estudantes de novo acceso ao grao.

Este apartado incluíuse con posterioridade á mesa do 08/02/2013 polo que non estaba fixada aínda ningún recoñecemento complementario.

c) Apoio ás actividades de intercambio de estudantes:

Atribúese ao centro unha bolsa de horas de recoñecemento en POD que deberá ser asignada ao profesorado involucrado en tarefas de coordinación de intercambios de estudantes. A Vicerreitoría competente en cada caso certificará o número de estudantes, alleos/as e propios/as, que se acolleron aos programas de intercambio (SICUE, Erasmus, ISEP e outros programas recoñecidos pola ORI) no curso 2011/12. O centro recibirá **5 horas por cada módulo de 8 estudantes** acollidos ao intercambio.

Establécese de forma complementaria unha cantidade igual de horas **doutra actividade docente** que lle será asignada directamente ao coordinador e ao profesorado previamente sinalado polo centro para o recoñecemento de ADB.

d) Apoio aos programas de prácticas extracurriculares:

Atribúese ao centro unha bolsa de horas de recoñecemento en POD que deberá ser asignada ao profesorado involucrado en tarefas de coordinación de prácticas extracurriculares. A Vicerreitoría competente certificará o número de estudantes que se acolleron aos programas de prácticas extracurriculares oficiais no curso 2011/12. O centro recibirá **1 hora por cada módulo de 4 estudantes** acollidos ao programa de prácticas.

Establécese de forma complementaria unha cantidade igual de horas **doutra actividade docente** que lle será asignada directamente ao coordinador e ao profesorado previamente sinalado polo centro para o recoñecemento de ADB.

e) Apoio á tutela de prácticas curriculares (prácticum):

Atribúese ao centro unha bolsa de horas de recoñecemento en POD que deberá ser asignada ao profesorado involucrado en tarefas de tutela de prácticas curriculares. Tomarase como indicador a matrícula nas prácticas curriculares no curso 2012/13 (número de estudantes e créditos ECTS das prácticas). Por cada 4 estudantes en función dos ECTS das prácticas, as horas recibidas polo centro serán:

6 ECTS	12 ECTS	18 ECTS	30 ECTS	48 ECTS
1 hora	1,5 hora	2 horas	4 horas	6 horas

Complementábase agora este recoñecemento con:

- Unha cantidade igual de horas de **titoría**.
- Unha cantidade igual de horas **doutra actividade docente**.

f) Actividades ligadas á xestión da calidade nos centros

O novo marco europeo dos estudos universitarios establece novas esixencias de control de calidade que debe ser pilotada polos centros coa participación do seu profesorado. A intensidade destas tarefas está recollida nos indicadores de Valoración de Actividade Docente dos centros (VAD-C). Tomaranse como indicadores da actividade:

- A media durante os cursos 2009/2010 e 2010/11 do indicador do VAD I2C: Xestión e control da actividade docente (rango de 1 a 5).
- A media durante os cursos 2009/2010 e 2010/11 do indicador do VAD I3C:

Participación do centro en plans de mellora e innovación docente (rango 1 a 5).

- A entrada de novos estudantes en primeiro curso do grao durante 2012/13.

Asignarase para cada centro unha bolsa de **1 hora de ADB por cada punto** obtido na suma dos indicadores do VAD I2C e I3C en media anual e **por cada 40 novos estudantes de grao**.

Adicionalmente asignarase **3 horas de ADB** multiplicados pola puntuación (entre 0 y 1) do subapartado 135 do indicador do VAD I3C (Plan de acción tutorial) **por cada 40 novos estudantes de grao**.

Este apartado non incluía ningún recoñecemento complementario, aínda que si que se incorporaba un recoñecemento adicional ligado cos indicadores persoais do VAD (apartado 2.2e)

2.2. Recoñecementos asignados como apoio individual á actividade docente

Establécese tamén unha equivalencia en horas de ADB para certas actividades que serán reflectidas directamente no POD do curso 2013/14.

a) Coordinación de titulacións

Asignarase **45 horas de ADB** de xeito individualizado ao PDI que desempeñe a coordinación da titulación do grao. O recoñecemento en horas de ADB por coordinación de titulacións de posgrao recollese no apartado 2.3.

Complementábase este recoñecemento con 15 horas **doutra actividade docente**.

b) Apoio á dirección ou tutela de Traballos Fin de Grao

Refórzase o apoio do curso anterior establecendo un fixo por traballo e un variable en función dos ECTS do traballo. O apoio mínimo pasa de 3 horas de ADB por traballo a 5 horas de ADB por traballo, sendo o máximo de 9 horas de ADB horas por traballo. Para poder facerse de xeito individualizado debería ser computado por traballos aprobados, aínda que transitoriamente se estableza por traballos matriculados ata que non remate á primeira promoción de cada titulación. Atribúese un recoñecemento directamente ao profesorado involucrado en tarefas de dirección dos Traballos Fin de Grao do curso 2012/13. O recoñecemento depende do número de estudantes matriculados durante o curso 2012/13 e do número de créditos ECTS de cada traballo. O recoñecemento en horas anuais de ADB será o seguinte:

6 ECTS	9 ECTS	12 ECTS	18 ECTS
5	6	7	9

Complementábase agora este recoñecemento cunha cantidade dobre de horas de **titoría**.

c) Apoio á docencia de materias en extinción.

Establécese un apoio para cubrir o esforzo docente nas materias en extinción que, por carecer de docencia, non teñen repercusión directa no POD do curso 2013/14. Tomarase como indicador de referencia a matrícula en materias sen docencia que requiran avaliación de estudantes. As horas asignadas son:

Número de estudantes no curso 2012-13	5 a 20	21 a 50	51 a 100	> 100
Dedución da ADB	1	2	3	6

A dedución será rateada entre o profesorado asignado en POD á materia durante o curso 2012/13.

Complementábase cun recoñecemento adicional polas titorías, preparación e corrección de probas de avaliación que isto implica:

- Unha cantidade igual de horas de **titoría**.
- Unha cantidade igual de horas **doutra actividade docente**.

d) Dirección de Proxectos Fin de Carreira (norma en fase de extinción)

Asígnanse directamente ao profesorado involucrado **8 horas** de recoñecemento en horas de ADB pola media anual de proxectos fin de carreira dirixidos e defendidos na Universidade de Vigo nos cursos 2010/11 e 2011/12, tendo en conta o número de directores/as, ata un máximo de 60 horas por profesor/a.

e) Outras actividades recoñecidas no VAD.

Establécese un recoñecemento en horas **doutra actividade docente** polo esforzo realizado en actividades non incluídas nos anteriores apartados, pero que repercuten no rexistro do VAD e polo tanto contribúen á mellora da calidade docente. Tomaranse como indicadores de referencia os rexistros do VAD dos dous últimos cursos avaliados (2008/09 e 2009/10).

- Participación en reunións de órganos colexiados e outras Comisións recollidas no VAD (Xuntas e Comisións de Centro, Consellos e Comisións de Departamento, Claustro e Consello de Goberno, Comisións delegadas, etc.). Recoñecerase 20 horas **doutra actividade docente** por cada punto obtido na media anual da suma dos indicadores I2+I5+I9 (máximo 30 horas).
- Participacións en programas de mellora docente (equipos de mellora da calidade docente, plan de acción tutorial, coordinación de materias, cursos e xornadas no centro, departamento, institucionais e doutras institucións, utilización da plataforma TEMA, programas de fomento das linguas, etc.). Recoñeceranse 20 horas **doutra actividade docente** por cada punto obtido na media anual da suma dos indicadores I3+I6+I11+I12 (máximo 40 horas).
- Publicacións e ponencias de carácter docente rexistradas no VAD. Recoñeceranse 20 horas **doutra actividade docente** por cada punto obtido na media anual do indicador I11 (máximo 40 horas).
- Amplitude da carga docente. Recoñeceranse 20 horas **doutra actividade docente** por cada punto obtido na media anual do indicador I8 (máximo 40 horas).

f) Recoñecementos complementarios pola docencia impartida.

Toda a docencia asignada en POD implica un número de horas de **actividade docente básica** que se complementa con horas recoñecidas de xeito automático en titorías e outra actividade docente:

- Unha cantidade de horas de titoría equivalente á metade da docencia de grao e máster que teña asignada no seu POD, coa condición de que estableza un horario de titoría presencial e regular que cubra as ditas horas (unha de titoría por cada dúas de docencia).

- Unha cantidade de horas **doutra actividade docente** igual á que teña asignada en POD de docencia de grao e máster en concepto de preparación de clases, exames e corrección dos mesmos, traballo non presencial que exerce o profesorado. O número de horas duplicarase en caso de materias de nova implantación na universidade durante o primeiro ano.

2.3. Recoñecemento como apoio ás ensinanzas de posgrao

a) Titulacións de máster con repercusión en POD

Os másteres previstos para o curso 2013/14 establecerán unha PDA e cubrirán un POD de acordo coas normas xa aprobadas en Consello de Goberno de data 24/05/2012. En xeral, o total de horas será a terceira parte dos ECTS matriculados na UVIGO no curso precedente cun mínimo de 500 horas (o previsto para 25 estudantes) para os programas propios ou interuniversitarios que acaden unha matrícula de 20 estudantes na UVIGO. No curso 2013/14 por ser o primeiro ano de total aplicación do decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, asignarase inicialmente o mínimo de 500 horas para todos os programas propios e tamén para todos os interuniversitarios, sempre que acadaran unha matrícula de 10 estudantes na UVIGO no curso 2012/13. De non impartirse algún dos programas, anularase a asignación de horas ao profesorado e os departamentos afectados poderán modificar o seu POD.

Na procura de certa flexibilidade, engádese a posibilidade de que a Comisión Académica do Máster (CAM) acorde elixir unha combinación entre a asignación de horas en POD e o incentivo económico. Neste sentido, a CAM pode renunciar a 200 horas como máximo da súa bolsa de recoñecemento en POD e aumentar a dotación económica do máster ata 6.000 euros no exercicio económico do ano 2014 para pagar profesorado externo. Se por algunha circunstancia o máster non se impartira no curso 2013/14, non se recibirá esa cantidade nin será posible recuperar as horas de POD ás que se renunciou no momento da confección do POD.

A PDA e POD será elaborada pola CAM e deberá incluír as horas de **actividade docente básica** que se estimen adecuadas en cada máster pola dirección de traballos fin de máster. Admitirase a asignación de parte da bolsa de horas como recoñecemento directo ao profesorado en horas de ADB por dirección de traballos fin de master ou outras actividades. En todo caso, como mínimo dedicarase á PDA o 60% da bolsa de horas asignada ao programa en primeira instancia.

Non obstante, recoñécese á dirección dos TFM cun número de horas de tutoría co mesmo criterio que resulta para os graos:

	Por cada estudante en función dos ECTS do TFM:			
	6 ECTS	9 ECTS	12 ECTS	etc
Tutoría	10	12	14	

O recoñecemento en tutoría segue o mesmo criterio que no TFG, 6 horas por cada traballo e 4 horas adicionais por cada 6 ECTS matriculados.

Adicionalmente establécese un recoñecemento de 30 horas de **ADB** pola coordinación do programa no curso 2013/14, que será asignado directamente á persoa coordinadora. Complementáanse con 15 horas de **titoría** á persoa coordinadora.

b) Titulacións de máster sen repercusión en POD

De acordo coas normas aprobadas en Consello de Goberno de data 24/05/2012, os actuais másteres profesionalizantes sen repercusión en POD que gozan do apoio económico pola matrícula seguirán neste modelo durante o curso 2013/2014. No novo modelo, estes másteres gozarán no futuro de recoñecementos noutras actividades diferentes da ADB que serán establecidas na próxima normativa de PDAI. Non obstante, aplicaranse por última vez no POD 2013/14, como actividade executada, 45 horas engadidas de ADB pola coordinación destes másteres durante o curso 2012/13.

A partir do curso seguinte establécese un recoñecemento pola coordinación de:

- 30 horas de **outra actividade docente**.
- 15 horas de **titoría**.

Adicionalmente establécese un recoñecemento de horas de titoría pola dirección dos TFM co mesmo criterio que para os TFG e os TME dos másteres con repercusión en POD.

c) Programas de doutoramento

En canto ao apoio á formación doutoral, mantense o recoñecemento por dirección de teses asignado de xeito persoal, tal como se reflicte no apartado 2.4. Está previsto que os novos programas de doutoramento teñan un incentivo en horas de profesorado xestionadas polas Comisións Académicas. A contía das ditas bolsas dependerá de dous factores:

- ✓ Posición acadada polos programas nas convocatorias oficiais de mención cara á excelencia.
- ✓ Masa crítica do programa ou grao de agrupamento acadado, medido en número de teses defendidas.

Non obstante, nestes momentos os novos doutoramentos están aínda en período de verificación, polo que para o curso 2013/14 propónse incorporar como medida transitoria unha repetición do criterio do curso precedente para o recoñecemento por programas de doutoramento (apartado 2a do acordo de Consello de Goberno de 08/02/2012). As bolsas, que inclúen o recoñecemento pola coordinación do programa, están ligadas á posición nas convocatorias de excelencia e limitadas pola docencia impartida nos períodos de formación (másteres de investigación) durante o curso 2012/13. A contía máxima das bolsas será do 80% das establecidas no curso precedente.

Recoñécense 5 horas de **titoría** pola tutela de cada estudante matriculado na UVIGO en período de tese no curso precedente.

2.4. Recoñecemento como apoio ás actividades de investigación e transferencia

O novo esquema de intensificación establece “per se” un reforzo do recoñecemento do labor investigador que ten repercusión directa na capacidade docente do profesorado, e polo tanto no

POD. A repercusión en POD desta intensificación investigadora supera con creces o montante global dos anteriores esquemas de dedución de ADB que a Universidade de Vigo tiña establecidos nos cursos anteriores. Polo tanto, fórmulase como obxectivo fundamental o establecemento da medida das actividades de investigación e transferencia para a próxima normativa de PDAI. Non obstante consérvanse os seguintes recoñecementos en ADB:

a) Teses de doutoramento

A dirección de teses ten un carácter formativo que xustifica un recoñecemento en ADB. Como en anos anteriores, asignaranse aos seus directores/as 10 horas/ano de dedución de actividade docente básica por cada tese dirixida e defendida na Universidade de Vigo nos cursos 2009/10, 2010/11 e 2011/12, tendo en conta o número de directores/as, ata un máximo de 60 horas. Terán o mesmo tratamento as teses dirixidas nun convenio de cotutela asinado pola Universidade de Vigo.

Como complemento a este recoñecemento establécese unha cantidade dobre de horas de **titoría aos directores das teses**.

b) Sexenios

O sexenio é un indicador determinante para a configuración dun status de intensificación investigadora ou docente do profesorado, tal como establece o RDL 14/2012. O status de intensificación investigadora ten o mesmo efecto que unha redución das obrigas docentes en actividade docente básica. Sen embargo débese ter en conta:

- Que a obtención dun sexenio pode ser considerado tamén como unha evidencia do traballo de investigación desenvolvido incluso para o profesorado que non teña acadada a intensificación investigadora prevista no RDL 14/2012.
- Que pode ponderarse a valoración deste esforzo polos datos estatísticos dispoñibles sobre a media de sexenios nos diferentes campos CNEAI.

Establécese o seguinte criterio de recoñecemento de actividade docente básica para o profesorado de dedicación R (regular), M (docente intermedia), D (docente) por cada sexenio dependendo da media dispoñible do campo CNEAI:

Valor da media	Horas de ADB por sexenio
Media > 2.20	6
$2.20 \geq \text{Media} > 1.70$	9
$1.70 \geq \text{Media} > 1.20$	12
$1.20 \geq \text{Media}$	15

c) I3 e Manuel Colmeiro

Asígnanse 30 horas/ano durante tres anos para o profesorado para o que a Universidade acadou financiamento no programa I3 ou a partir do Convenio para o programa de estabilización da Xunta de Galicia (antigo Manuel Colmeiro). A suma das 30 horas por profesor/a será rateada entre todo o profesorado que obtivo avaliación positiva.

d) Sexenio vivo

Establécese unha equivalencia en horas de **investigación** polo esforzo xeral que implica o mantemento do sexenio vivo:

	Sexenio vivo $N_a \leq 6$	$N_a = 7$	$N_a \geq 8$
Actividade de investigación	300 horas	150 horas	

N_a : Anos transcorridos dende o último ano do último tramo ata 2012 (se o último ano do último tramo é 2011 entón $N_a = 1$; se é 2010 entón $N_a = 2$, etc.).

e) Participación en proxectos oficiais de convocatorias competitivas / Grupos de referencia

O seguinte cadro recolle os recoñecementos en horas equivalentes de **investigación**, ata un máximo de 400 horas por persoa, que serán consignados aos membros do equipo:

Horas de actividade de investigación	Proxectos europeos e convocatorias internacionais	Grupos de referencia	Proxectos convocatorias estatais	Proxectos convocatorias autonómicas
Por EDP	200	150	150	100
Adicionais para o IP	100	75	75	50

f) Producción de investigación:

Recoñécense 10 horas de **investigación** por cada punto, aplicadas á media da produción de investigación xa avaliada pola Universidade de Vigo correspondente aos dous últimos anos avaliados. Terá un límite de 800 horas.

	Media da produción de investigación e transferencia dos anos 2009 e 2010
Actividade de Investigación e transferencia	10 horas por cada punto

g) Producción de transferencia:

Recoñécense 10 horas de **transferencia** por cada punto, aplicadas á media da produción de transferencia xa avaliada pola Universidade de Vigo correspondente aos anos dous últimos anos avaliados. Terá un límite de 800 horas.

	Media da produción de investigación e transferencia dos anos 2009 e 2010
Actividade de Investigación e transferencia	10 horas por cada punto

2.5. Recoñecemento por cargos académicos ou actividades de xestión

O desempeño de cargos de xestión debe considerarse como unha tarefa que eventualmente realiza parte do profesorado e que implica unha redución nas súas posibilidades de desempeñar outras tarefas docentes e de investigación e transferencia ao longo da súa xornada laboral.

Establécese un sistema proporcional coa seguinte repercusión en actividade docente básica:

	Desconto en ADB segundo a intensificación			Porcentaxe de xestión (*)
CARGOS ACADÉMICOS	I/R 240	M 280	D 320	
Reitor/a	240			100%
Vicerreitores/as e Secretario/a Xeral Presidente/a do Tribunal de Garantías	180			75%
Comisionados/as	150			62,5%
Delegado/a do Reitor/a na CiUG	150			62,5%
Directores/as de área	90			37,5%
Decanos/as / Directores/as de Centros	120			50%
Directores/as Departamento	60	70	80	25%
Vicedecanos/as / Subdirectores/as / Secretarios/as de Centro	45	52,5	60	18,75%
Secretarios/as e Subdirectores/as de Departamento Xefes/as de Sección Departamental	30	35	40	12,5%
Colaboradores científicos (artigo 19 da Lei da Ciencia)	60	70	80	25%
Xestores/as de programas de investigación autonómicos.	45	52,5	60	18,75%
Membros de Comisións de Acreditación ou de Verificación da ANECA.	45	52,5	60	18,75%
Delegados/as da Universidade en Centros adscritos	30	35	40	12,5%
Representantes da Universidade en institucións	20 (30 por 2 ou máis institucións)			8,35% ou 12,5%

Sombreado: O profesorado que desempeñe estes cargos e que lles correspondera o tipo M ou D pasará ao tipo R.

(*) Esta columna non constaba no acordo do Consello de Goberno, aínda que si estaba no documento de traballo previo na mesa de PDI do 08/02/2011.

2.6. Recoñecemento por representación sindical

Serán os que correspondan segundo convenios, acordos ou normativas.

2.7. Limites dos recoñecementos asignados

Profesorado a tempo completo:

A suma dos recoñecementos de actividade docente básica obtidos nos apartados 2.1, 2.2 e 2.3 non poderá superar a metade da dedicación determinada pola súa intensificación.

A suma dos recoñecementos de actividade docente básica obtidos no apartado 2.4 non poderá superar a metade da dedicación determinada pola súa intensificación.

A capacidade final resultante tras aplicar todos os recoñecementos de actividade docente básica (apartados 2.1, 2.2, 2.3*, 2.4, 2.5 e 2.6) non poderá ser inferior á cuarta parte da dedicación determinada pola súa intensificación agás os Vicerreitores/as, Secretario/a Xeral, Presidente do Tribunal de Garantías e Reitor/a, que non terán esta limitación e o resto dos cargos que figuran na zona sombreada da páxina 10 para os que a limitación será de 30 horas.

(*) No apartado 2.3, a docencia dos másteres do curso 2013/14 non se considera un recoñecemento senón que é docencia asignada en POD que forma parte da capacidade do profesorado.

Profesorado a tempo parcial:

A suma dos recoñecementos de actividade docente básica non poderá superar a terceira parte da súa dedicación.

Calquera outra excepción destas limitacións debe ser acordada expresamente en Consello de Goberno.

ANEXO. Distribución porcentual de tarefas segundo o tipo de intensificación do profesorado e o desempeño de cargos de xestión.

A maior parte da información desde anexo está contida no informe sobre a elaboración da PDAI presentada en Consello de Goberno do 21/02/2013.

De manterse un esquema de proporcionalidade semellante ao que marca a intensificación para a actividade docente básica, o seguinte cadro recolle un marco de referencia sobre a distribución de actividades para o profesorado, unha vez descontadas as actividades de xestión:

		I	R	M	D
Investigación e Transferencia		66.67%	50%	41,66%	33,34%
Porcentaxe de Docencia (d)		33.33%	50%	58,34%	66,66%
Desagregación da Actividade Docente	ADB	9,62%	14,42%	16,83%	19,23%
	Titoría	7,21%	10,82%	12,62%	14,42%
	Outra actividade docente	16,51%	24,76%	28,89%	33,01%
Investigación e Transferencia / Docencia		2	1	0,714	0,5

Cando o profesorado exerce un cargo de **xestión**, dedica a este un número de horas que repercuten coa mesma proporción sobre cada unha das compoñentes da súa actividade. O seguinte cadro contén a formulación para obter as horas de referencia dedicadas a cada actividade cando a porcentaxe de horas de xestión é x , e a intensificación docente en porcentaxe é d :


Distribución de horas de actividade do profesorado que exerce xestión durante unha porcentaxe x e que ten unha intensificación (docente ou investigadora) dada por d (tipo I: $d=1/3$; tipo R: $d=1/2$; M: tipo $d=7/5$; tipo D: $d=2/3$)		
Horas Totais		$H_T = 1664$
Horas de Xestión		$H_X = H_T \cdot x = 1664 \cdot x$
Horas de Docencia		$H_D = H_T \cdot (1-x) \cdot d = 1664 \cdot (1-x) \cdot d$
Desagregación da Actividade Docente	ADB	$h_{ADB} = 480 \cdot (1-x) \cdot d$
	Titoría	$h_t = h_{ADB} \cdot 0.75 = 360 \cdot (1-x) \cdot d$
	Outra actividade docente	$h_{OAD} = H_D \cdot h_{ADB} \cdot h_t = 824 \cdot (1-x) \cdot d$
Horas de Investigación e Transferencia		$H_{IT} = H_T \cdot (1-x) \cdot (1-d) = 1664 \cdot (1-x) \cdot (1-d)$

Os cadros anteriores poden considerarse como un marco orientativo de referencia para o profesorado, xa que non é posible un axuste tan detallado. O que realmente constitúe unha obriga para o profesorado é o seguinte:


- Cumprir as 1664 horas anuais de xornada laboral
- Cumprir as horas determinadas de actividade docente e as que se lle recoñezan de xeito automático como titorías (50% das anteriores).

Cumpridos estes requisitos, enténdese que haberá profesorado que dedique horas adicionais á máis titorías, a outra actividade docente, a investigación e transferencia ou incluso, de forma voluntaria a impartir máis docencia básica. O importante é o cumprimento global e que todas as tarefas desenvolvidas queden rexistradas, recoñecidas e computadas, reflectindo de xeito realista a actividade do PDO ao longo da súa xornada laboral. Os esquemas seguintes presentan gráficamente diferentes situacións de intensificación e xestión


Actividade media do profesorado regular




Actividade media do profesorado regular que exerce xestión




Actividade media do profesorado con intensificación docente (D)




Actividade media do profesorado con intensificación investigadora (I)



Actividade media do profesorado con intensificación docente (D) que exerce xestión (25%)



Actividade media do profesorado con intensificación investigadora (I) que exerce xestión (25%)



EXEMPLO. Profesorado R, sen xestión, que dirixe 4 TFG de 12 ECTS, un TFM, encargado de 2 materias en extinción con 60 estudantes, con 2 sexenios, 1 tese dirixida, 1 tese en tutela, 1 proxecto, 40 puntos de produción de investigación/transferencia.

<i>Capacidade:</i>	<i>ADB</i> 240	<i>Tut</i> 180	<i>OAD</i> 412	<i>Inv</i> 832	<i>Tran</i>	<i>Xes</i> 0	<i>TOTAL</i> 1664
2.1 Docencia asignada en POD		180					
Horas de docencia en POD grao/LRU	125		187,5				
Nova materia grao			0				
Horas de docencia en master	40		60				
2.2 Coordinación Grao							
Coordinación Título	0		0				
Coordinación cursos/módulos (centro)	0		0				
2.3 Coordinación máster en POD	0						
2.4 Coordinación máster no en POD	0		0				
2.5 Programas de doutoramento							
Coordinación do título	0						
Horas ADB por bolsa apoio	0						
2.6 Docencia en materias en extinción	6		12				
2.7 Dirección de Traballo Fin de Grao	28		56				
2.8 Dirección de Traballo Fin de Máster	9		18				
2.9 Dirección de PFC	0						
2.10 Tutela teses en execución			5				
2.11 Dirección de teses lidas	10		20				
2.12 Intercambio de estudantes (centros)	0		0				
2.13 Prácticas extracurriculares (centros)	0		0				
2.14 Prácticas curriculares (centros)	0		0				
2.15 Calidade VAD-centros	0						
2.16 Calidade VAD-profesor							
Comisións (I2+I5+I9)			10				
Mellora docente (I3+I6+I11+I12)			10				
Ponencias docentes (I13)			0				
Amplitude carga docente (I8)			20				
2.17 Sexenios	20						
2.18 Programas I3 e M. Colmeiro	0						
2.19 Normalización lingüística							
2.10 Internacionalización docencia							
2.11 Tutorización est. Necesidades especiais							
3.1 Sexenio Vivo				300			
3.2 Proxectos				150			
3.3 Producción Investigación				400			
3.4 Producción Transferencia							
4. Cargos						0	
CARGA TOTAL	238	180	398,5	850	0	0	1666,5